

**JOAQUÍN RODRÍGUEZ-TOUBES MUÑOZ, SECRETARIO XERAL DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,**

**CERTIFICA** antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC na súa sesión de 22 de xuño de 2004, acordou aprobar a seguinte modificación das Normas de Xestión Académica:

**PRIMEIRO.-** Modificar os artigos que se recollen:

1.- O artigo 2.3.1. quedará redactado do seguinte xeito:

“O alumno que inicia estudos nunha titulación deberá superar un mínimo de 30 créditos nun máximo de tres cursos académicos. De non facelo, non poderá continuar os ditos estudos na USC. A partir do primeiro curso inicial deberá matricularse alomenos dos créditos que lle resten para superar o mínimo establecido.”

2.- O artigo 2.3.5 quedará redactado do seguinte xeito:

“Os alumnos que se matriculen por primeira vez nunha titulación non poderán solicitar nin cursar materias para seren imputadas como de libre configuración curricular. Non obstante, poderán solicitar o recoñecemento ou validación de créditos para a libre configuración curricular de materias, seminarios ou actividades académicas que os alumnos tivesen realizado. Este recoñecemento non significa ter cumpridos os requisitos do apartado 2.3.1 destas Normas.

Esta limitación non é de aplicación para os seguintes alumnos:

- Alumnos que formalicen matrícula no primeiro curso de titulacións de só segundo ciclo.
- Alumnos que accedan ós segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.
- Alumnos ós que lles fora recoñecida adaptación ou validación”

3.- O artigo 15.2 quedará redactado do seguinte xeito:

“O alumno que desexe concorrer á convocatoria de exames de fin de carreira, deberá formalizar a inscrición nos seguintes prazos:

Planos renovados: No momento en que formalice a matrícula ordinaria, sendo o prazo de solicitude o mesmo que para a matrícula ordinaria.

Planos non renovados: No momento en que formalice a matrícula ordinaria sendo o prazo de solicitude o mesmo que para a matrícula ordinaria. En todo caso estes alumnos poderán acollerse ó procedemento de modificación desta inscrición ata o 15 de novembro”.

4.- O artigo 52.1 quedará redactado do seguinte xeito:

“As solicitudes de adaptación e validación de estudos poderán presentarse durante todo o curso, se ben só darán dereito a modificar ou anular matrícula conforme o disposto no artigo 13 sobre modificacións particulares, as solicitudes presentadas no prazo de matrícula ordinario”

**SEGUNDO.-** Incluir un novo apartado no artigo 4, co seguinte contido:

4.5. Non serán recoñecibles os estudos de ningún tipo cursados polos alumnos de intercambio fóra dos acordos académicos.


Así mesmo, acordou deixar sen efecto tódalas normas que se opoñan ó disposto nos apartados anteriores, e expresamente ao apartado 2, b) da Resolución Reitoral do 31 de xullo de 1997 sobre recoñecemento de estudos a través de programas de intercambio.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a seis de xullo de dous mil catro.

Vº e Pr  
O REITOR



Senén Barro Ameneiro



180299